

Orientacións para o exame de Historia de España

Introducción

As circunstancias extraordinarias que concorren este ano nas probas, entre outras o atraso na publicación dunha normativa até estar iniciado o curso, e que afectan de maneira moi destacada á materia de Historia de España que adquiriu carácter obrigatorio xunto coa necesidade de ter que nomear un novo director do Grupo de Traballo de Historia de España aconsellan, neste curso, non introducir cambios no modelo de exame e criterios de avaliación que se veñan utilizando desde o ano 2000 para evitar causar perxuízos maiores ao alumnado e profesorado.

A proba correspondente á materia obligatoria de Historia de España versará sobre as capacidades e contidos da materia de segundo de bacharelato, *Historia de España*. Consistirá na redacción dunha composición histórica a partir de documentos na que se dea resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban seren avaliados e o formato de resposta deberá garantir a aplicación de criterios obxectivos de avaliación.

Contidos

Os temas propostos (contidos) para realizar a composición seguirán sendo similares aos de convocatorias anteriores. Estarán por tanto relacionados coas transformacións políticas, económicas e sociais acontecidas en España desde principios do século XIX até a actualidade.

Os temas das composicións referiríranse a periodos e problemas relevantes dos séculos, XIX e XX, como:

Absolutismo e liberalismo; a revolución liberal e a guerra de 1800-1814; o reinado de Fernando VII; ideoloxías e conflitos políticos no século XIX; a vida política durante o reinado de Isabel II; a soberanía e as Constitucións españolas; as desamortizacións e as transformacións da propiedade; o desenvolvemento económico durante o século XIX; as intervencións militares na política española; as relación Igrexa-Estado; o Sexenio democrático; a Restauración; a cuestión nacional en España; o movemento obreiro; a crise do sistema da Restauración; a ditadura de Primo de Rivera; a II República: reformas, vida política e conflitos...; a sublevación do 18 de xullo de 1936 e a guerra civil de 1936-1939; a vida na España da postguerra; o franquismo: valoracións,

características, institucionalización; sociedade e vida cotiá, economía...; a oposición ao franquismo; a crise final do franquismo; a transición democrática española; a evolución política e económica española desde 1982.

A proba acota unha parte da materia, non abarca todo o pasado. Non vai referirse a acontecementos anteriores ao século XIX, o que non exclúe que nas aulas de bachalerato se proporcionen ao alumnado coñecementos sobre a historia antiga, medieval ou moderna. Algúns temas poden abarcar periodos amplos de tempo, como as relacións Igrexa-Estado, o Exército e a participación na política, a cuestión nacional... outros poden centrarse en periodos máis delimitados no tempo, como por exemplo o Sexenio ou a II República, mais tratando neles diversas dimensións (ideolóxicas, políticas, sociais, económicas...).

Estructura da proba

A proba inclúe un conxunto de documentos (habitualmente escritos, mais pode haber tamén algunha imaxe, mapa ou gráfica) que manteñen entre certa relación temática entre eles.

Pídeselle aos alumnos que realicen unha composición histórica (unha redacción) a partir deses documentos sobre o tema proposto.

Proporciónaselle ao alumnado un certo número de cuestións para orientar a súa composición, que debe ser global tratando de evitar respostas inconexas.

Criterios para a avaliación

Esta estrutura permite mostrar se os estudantes son capaces de obter información explícita e/ou realizar inferencias das fontes propostas; se integran e interpretan os documentos, se valoran a fiabilidade, se sintetizan a información, ao tempo que revelan se contextualizan os datos e son quen de elaborar un relato historicamente fundamentado sobre o tema, relacionando os documentos cos coñecementos históricos que posúan e non están explícitos na proba. É dicir, tratase de superar un modelo de proba meramente memorística baseada na repetición de datos. Valorarase máis a madureza intelectual que debe posuir un estudante para poder iniciar estudos universitarios.

Con carácter xeral aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global á composición histórica (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos:

Presentación e comprensión xeral do tema abordado.

Elaboración persoal deste, utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións que se indiquen nas orientacións.

Coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados.

Transversalmente, valorarase a competencia comunicativa do alumno/a de realizar unha redacción correcta desde o punto de vista sintáctico e ortográfico, coherente e con certo rigor conceptual.

Santiago de Compostela, febreiro de 2017

Ramón López Facal (director en funcións do Grupo de Traballo)

ramon.facal@usc.es